

ACTA N.º 2023/1

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

- 09 DE FEBREIRO DO 2023 -

En data 09 de febreiro do 2023, sendo as 20:04 horas, reúnense na Casa Consistorial do Concello de Cerdido os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia do Secretario en réxime de acumulación co obxecto de celebrar en primeira convocatoria a Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

Preside: Benigno Galego Castro.

Asisten: Cándido Eusebio Preto Lago,, Marina Tojeiro Martínez, Cristina Carrodegua Graña, Patricia Santalla Pérez, David Prada Aneiros, Alberto Javier Rey Paz e María María Amalia Díaz Rodríguez.

Secretario-Interventor: Manuel Larrosa Rodríguez.

Xustifica ausencia : Dona Rocío Martínez Martínez

Constátase a presenza dos membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o Alcalde, Benigno Galego Castro como Presidente declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**


PARTE DISPOSITIVA

Primeiro.- Aprobación da participación por parte do concello de Cerdido no plan de obras e servizos plan único de Concellos POS+2023.

Ao abeiro do disposto nas Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2023 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 228 do 1 de decembro do 2022.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Cerdido adoptar o seguinte acordo

Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023 da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo á *achega provincial 2023*, á *achega provincial 2022* e ao *préstamo provincial 2023*.



A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	114.418,89 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0,00 €
Subtotal gasto corrente	114.418,89 €

B) Financiamento de investimentos

Achega provincial 2022 Denominación da obra ou subministracións (Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
	67.811,36 €	0,00 €	67.811,36 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	67.811,36 €	0,00 €	67.811,36 €


Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C) Redución de débeda con entidades financeiras

Entidade financeira	Préstamo Provincial 2023 aplicado á redución da débeda
	0,00 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	0,00 €

D) Resumo

POS+2023 Resumo de financiamento		Deputación	Concello			Orzamento total
			Concello	IVE soportado deducible	Total Concello	
A) Gastos correntes	Achega 2023	114.418,89 €				114.418,89 €
	Achega 2022 (Excpt. Base 2.1)					
B) Investimentos	Achega 2022	67.811,36 €				67.811,36 €
	Achega 2023					
C) Redución débeda						
D) Total	Achega 2023					
	Achega 2022					
	Préstamo 2023					
	TOTAL	182.230,25 €				182.230,25 €



Segundo.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	(A) Orzamento contrata	(B) IVE soportado deducible	(C = A – B) Orzamento subvencionable
Totais			

Terceiro.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

Cuarto.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

Quinto.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.


Sexto.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

Sétimo.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Oitavo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Sometida a votación a proposta de Alcaldía é aprobada por unanimidade.

Segundo.- Aprobación da participación por parte do concello de Cerdido no POS+Adicional 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña para a financiación de gastos sociais extraordinarios.




Ao abeiro do disposto nas Bases reguladoras do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) POS+2023 publicadas no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña núm. 228 do 1 de decembro do 2022.

En uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía **PROPÓN** ao Pleno do Concello de Cerdido adoptar o seguinte acordo :


Primeiro.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+Adicional 1/2023 da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría -Intervención do Concello, segundo se indica a continuación:

Achega Provincial preasignada que figura nas Bases do POS+ Adicional 1/2023	33.372,18 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	33.372,18 €

Gastos Sociais Extraordinarios	(A) Previsión de gastos 2022	(B) Estimación de ingresos públicos ou privados	(A – B) Estimación do gasto a financiar polo Concello
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para	0,00 €	0,00 €	0,00 €



<p>asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	33.372,18 €	0,00 €	33.372,18 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>g) Alugueiro de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.</p>	0,00 €	0,00 €	0,00 €



SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	33.372,18 €	0,00 €	33.372,18 €
----------------------------------	--------------------	---------------	--------------------

h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL	33.372,18 €	0,00 €	33.372,18 €

Segundo.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Intervén o Alcalde, Benigno Galego Castro: Destinamos os 33.372,18 € a ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, o ano pasado fíxose a compra de camas e cadeiras, como aínda as temos pois metemos todos nesa partida ao 100%.

Pregunta o Sr. Alberto Javier Rey Paz ¿Material entón? Non aumentar horas nin persoal nada máis.

Resposta o Alcalde, Benigno Galego Castro: Si se pode aumentar persoal, servizos de perruquería ou podoloxía, comedor sobre rodas ou rehabilitación entre outros.

Dona Amalia Díaz Rodríguez pregunta: ¿Xa se están facendo servizos de perruquería?

O Alcalde, Benigno Galego Castro resposta: Xa se están facendo si, polas traballadoras.

Continúa Dona Amalia Díaz Rodríguez: ¿Esto vai pasar a profesionais?



Finalmente, o Alcalde, Benigno Galego Castro indica: Non, pódese pasar a profesionais pero tamén para as horas de dependencia.

Sometida a votación a proposta de Alcaldía é aprobada por unanimidade.